



EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982 56 01 28 Fax:982 56 11 47 Correo Electrónico: concello@viveiro.es

COMUNICACIÓN DE QUEIMA PARA A FOGUEIRA DE SAN PEDRO DO DÍA 28 DE XUÑO DE 20

DATOS DO SOLICITANTE

D/D^a maior de idade con DNI nº e
endereço a efectos de notificacións en Código
Postal Localidade Provincia Teléfono

DATOS DA QUEIMA

Finca	<input type="text"/>	Parroquia	<input type="text"/>
Lugar	<input type="text"/>	Concello	<input type="text"/>

Comprométese a cumprir as Normas sobre Prevención de Incendios Forestais.

NORMATIVA VIXENTE EN COMUNICACIÓNS DE QUEIMA DE RESIDUOS AGRÍCOLAS AMOREADOS

- A queima non se iniciará antes de saír o sol e quedará totalmente extinguida dúas horas antes do momento da súa posta.
- Previamente ao seu inicio, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de largo, rodeando o perímetro que se vai queimar.
- Non poderá iniciarse ningunha queima cando as condicións meteorolóxicas podan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Así mesmo, se iniciados os traballos se prodúcese a aparición de vento, suspenderase inmediatamente a operación procedendo a apagar o lume.
- Non se abandonará a vixilancia da zona queimada, ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.
- O Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais pedirá suspender temporalmente as comunicacións de queima, se as condicións meteorolóxicas así o aconsellen, nese suposto esta comunicación quedará sen efecto.
- A comunicación de queima non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas a que houbera lugar no caso de producirse un incendio forestal polo uso do lume cando concorra negligencia ou imprudencia.

CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

- Autorizar a realización da fogueira nun lugar despexado no que non exista risco de propagación de lume.
- Non poderá realizarse a fogueira antes das 22:00 horas do día 28 e quedará totalmente extinguida ás 3:00 horas do día 29.
- Non se abandonará a vixilancia da fogueira ata a súa total extinción.
- Deberá contar cos medios materiais e humanos suficientes para o seu debido control en todo momento.
- O solicitante será o responsable do cumprimento das presentes Normas.
- O volume do combustible da fogueira non sobrepasará os 3 metros de perímetro e os 2 metros de altura
- A separación entre as fogueiras e os edificios e árbores serán como mínimo de 12 metros.
- Terase especial coidado de non situalas baixo tendido eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- Prohibirase a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, etc., e en xeral de calquera sustancia que ó arder desprenda fume tóxico.
- En ningún caso se botarán ó lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- Ó finalizar a fogueira e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas e comprométese a retirar do lugar da celebración todos os restos que queden nun prazo máximo de 48 horas.

Viveiro, a de de 20

Sinatura do Solicitante

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE VIVEIRO, con dirección PRAZA MAIOR 19-20, 27850 - VIVEIRO (LUGO); concello@viveiro.es. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal.

Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, CONCELLO DE VIVEIRO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos.

Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: concello@viveiro.es